

# TOP OF THE POPS

\*TODAS as letras son traducións case literais das cancións que encabezan o poema.

Deus salve o pop lixeiro

## **SATELITES - September**

Incluso un anxo pode rematar caendo  
non chores, porque te estás arrastrando  
empeza de novo, é unha mañá preciosa  
para os satélites

Dixeron que era hora de cambiar  
subir e relucir  
Todos o fan, menos ti  
e dinche que confíes nos teus soños  
pero é difícil crer un sentimento  
que non coñeces

Intentaches camiñar sobre as augas  
e ao final todos che pasaron por riba  
agora non che gusta mirar ao espello  
porque tes medo de que a cara que vexas  
sexa a mesma de sempre

Ti eres todo o que quero  
deixame levarte de volta  
a onde unha vez pertenciches  
ti eres todo o que quero  
estaría ben que viñeses comigo  
porque nunca te fuches

## **DOCTOR PRESSURE – Mylo ft Miami Sound Machine**

Doctor, sinto algo moi dentro de min  
Non podo controlar os meus pés cando escoito o ritmo  
Ei, doctor, poderia darme algo para aliviar esta dor?  
Porque, se non me axuda rápido,  
vou perder a cabeza  
voume volver tolo

E non sei  
como tratar contigo

**ESES FILLOS DE PUTA VAN BAIIXAR O VOLUME ( x8)**

Ves, Doctor?  
Teño unha febre que non podo controlar  
a música faime mover o corpo  
faime mover a alma  
Doctor, tesme que dar algo,  
porque estou ardendo  
Doctor, tes que atopar unha cura  
ou morreremos,  
si, imos morrer

**Tesme que axudar, porque ESES FILLOS DE PUTA VANME BAIIXAR O VOLUME (x8)**

## WHAT IS LOVE – Haddaway

Que é o amor?  
Non me fagas dano, nena  
Non me fagas dano  
Nunca máis

Non sei  
Por que non eres xusta  
Dinche todo o meu amor  
E dache igual

Que é o que queres?  
Dame unha pista

Que é o amor?  
Non me fagas dano, nena  
Non me fagas dano  
Nunca máis

Non sei que podo facer  
Que máis podo dicir  
Todo depende, nena, de ti

Sabes que somos un  
ti e eu  
non podo seguir así

Que é o amor?  
Non me fagas dano, nena  
Non me fagas dano  
Nunca máis

Non quero a ningunha outra  
Só teño esta vida  
e é para ti

Cando estamos xuntos  
-necesítote sempre-  
iso é o amor

Que é o amor?  
Non me fagas dano, nena  
Non me fagas dano  
Nunca máis

## **DESPRE TINE – O-Zone**

Esperto sempre pensando en ti  
e quero cantar sobre ti  
teño unha canción que te bota de menos  
e gústalle a todo o mundo

Non me respondes ao whatsapp\*  
escriboche constantemente  
quizais me portei mal  
pero deberías saber que te quero

Podería afundir nos teus ollos  
mentres todo o mundo chora  
eres un anxo na terra  
quero cantarche día e noite

Podería afundir nos teus ollos  
mentres todo o mundo chora  
eres un anxo na terra  
quero cantarche día e noite

Se ves comigo  
ensinareiche a rir  
e cantareiche ata o mencer  
esta canción que te bota de menos

## **ATOMIC – Blondie**

Faino  
esta noite

pero faino ben

faimo  
esta noite  
esta noite si

faima magnífica  
esta noite

o teu pelo é tan bonito  
esta noite  
tan  
atómico

## **BORN TO BE ALIVE – Patrick Hernandez**

Nacimos para estar vivos  
Nacimos para vivir  
(non queres estar vivo?)

Todos me preguntan por que non asento a cabeza nun lugar  
pero eu non busco esas cousas que a xente precisa para xustificar as súas vidas

eu nacín  
nacín para estar vivo

ti naciches  
naciches para estar vivo

e iso está ben

O tempo estaba do meu lado  
cando camiñaba por aquela rúa e me sentía tan ben  
cun bolso, unha guitarra e algo no que pensar

Naciches  
Naciches  
e  
Naciches

para estar vivo



